

AVALIACIÓN
CURSO 2019/2020
PARA O TERCEIRO TRIMESTRE



CENTRO: CPR PLURILÍNGÜE LA PURÍSIMA
CURSO: 2019/2020
EDUCACIÓN PRIMARIA – DE 1º A 6º

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p><u>Procedementos</u></p> <ul style="list-style-type: none"> • O profesorado adaptará o sistema de avaliación do alumnado, co obxectivo prioritario de que os alumnos e as alumnas non perdan o curso e poidan continuar avanzando na súa formación, fomentando rutinas de traballo e mantendo o hábito de estudo. • A avaliación das aprendizaxes desenvolvidas a partir da suspensión das actividades lectivas presenciais será continua e acentuará o seu carácter diagnóstico e formativo, para valorar os avances realizados e os atrasos que se puidesen producir, con obxecto de planificar as medidas de recuperación que sexan necesarias e programar o vindeiro curso. • En todo caso, a avaliación das actividades realizadas na fase non presencial so terá valor positivo para a cualificación do alumnado. • Para o alumnado que non adquirise as aprendizaxes e competencias imprescindibles nos dous primeiros trimestres do curso, proporánselle actividades/traballos/probas telemáticas que lles axuden a adquirilas e superar a materia, co obxectivo de que os alumnos e alumnas poidan continuar o seu itinerario formativo. • A avaliación final das aprendizaxes do alumnado durante o curso 2019-20 considerará en conxunto as avaliacións de todo o curso, valorando especialmente as aprendizaxes desenvolvidas nos dous primeiros trimestres así como as actividades de recuperación, repaso, reforzo e ampliación das aprendizaxes anteriores que se desenvolvan durante o terceiro trimestre sempre e cando se beneficie ao alumnado. <p><u>Instrumentos</u></p> <ul style="list-style-type: none"> • Actividades/traballos/ fichas propostos polos profesores sobre o traballo de recuperación, repaso, reforzo e ampliación das aprendizaxes, mediante fichas de repaso semanais feitas e devoltas. • Cuestionarios e probas telemáticas online. • En EDUCACIÓN FÍSICA : Vídeos de práctica deportiva e de coordinación. Malabares, Acrosport.
Cualificación final	<p><u>Procedemento para obter a cualificación de final de curso.</u></p> <ul style="list-style-type: none"> • <u>Para os alumnos que teñen aprobados os trimestres anteriores:</u> <ul style="list-style-type: none"> - Valoraremos o progreso das avaliacións anteriores calculando a media ou a progresión obtida e nunca prexudicando o alumno, a que lle sumaremos un máximo de 2 puntos correspondentes a valoración do traballo realizado no terceiro trimestre . • <u>Para os alumnos que teñen algún trimestre anterior suspenso, ou ambos, valoraranse:</u> <ul style="list-style-type: none"> - As probas de recuperación/traballos/actividades que o profesor realice neste terceiro trimestre co fin de adquirir as competencias do/os trimestres suspensos. - As cualificacións de trimestres anteriores. - O traballo deste terceiro trimestre que solo sumará ata un máximo de 2 puntos.